REUNIÓN DA COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 03.04.2013 Hora: 16:30

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de abril de 2013, ás 16:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

1.1 4247 (09/POC-000573)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego dos indicadores turísticos dos anos 2011 e 2012 e as iniciativas que se están a levar a cabo, así como o investimento previsto para recuperar o sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 60, do 28.02.2013

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

2.1 2762 (09/PNC-000199)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario referido á volta á construción naval civil nos estaleiros públicos da ría de Ferrol e ao fomento do sector naval de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 06.02.2013

2.2 2898 (09/PNC-000209)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas feiras de artesanía que se celebran en Galicia e os profesionais dedicados a ela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 51, do 13.02.2013

2.3 4192 (09/PNC-000303)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto sectorial de modificación relativo a un aproveitamento hidroeléctrico no río Xallas, salto de Novo Castrelo, nos concellos de Dumbría e Mazaricos, publicado no "Diario Oficial de Galicia" do 30 de maio de 2012
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 06.03.2013

2.4 4325 (09/PNC-000319)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan integral de desenvolvemento da enerxía procedente da biomasa forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 06.03.2013

2.5 4818 (09/PNC-000362)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para defender o mantemento das plantas da empresa Alstom en Galicia, así como os seus postos de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 73, do 20.03.2013

2.6 5076 (09/PNC-000394)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a modificación polo Goberno galego da taxa de inclusión no réxime especial da enerxía eólica e inscrición no seu rexistro, así como a demanda ao Goberno central do dereito e capacidade de decisión respecto dos recursos enerxéticos de Galicia, nomeadamente no referido ao desenvolvemento da enerxía eólica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 73, do 20.03.2013

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2013

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidente

Pedro Manuel Arias Veira	P

Secretaria

María Consuelo Martínez García	AGE

Vogais

María do Carme Adán Villamarín	BNG
Hipólito Fariñas Sobrino	P
José Manuel Gallego Lomba	S
José Luis Méndez Romeu	S
Berta Pérez Hernández	P
José Francisco Santos Regueiro	P
Beatriz Sestayo Doce	S
Miguel Angel Tellado Filgueira	P
Gonzalo Trenor López	P

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.04.2013 Hora: 16:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 03.04.2013 Hora: 16:30
Orde do día

1.1 4247(09/POC-000573)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego dos indicadores turísticos dos anos 2011 e 2012 e as iniciativas que se están a levar a cabo, así como o investimento previsto para recuperar o sector

Publicación da iniciativa, 60, 28.02.2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2013 16:30
Nº Rexistro: 4247
Data envio: 25/02/2013 14:47:35.823

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, **José Manuel Gallego Lomba** e **Beatriz Sestayo Doce**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista,** ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

No remate do ano 2012, acumúlanse as malas novas na economía de Galicia. Retroceso nas cifras de emprego, perda de tecido industrial, crise no sector lácteo, na pesca, no sector forestal, retroceso nos servizos, etc. Non hai rúbrica produtiva na que non haxa recortes. Mesmo nos sectores punteiros na exportación, automoción e téxtil, asistimos a retrocesos no emprego e á minoración dos salarios, non tanto pola incorporación de valor engadido.

En consecuencia, cómpre coñecer a avaliación do Goberno sobre a situación actual e os resultados das políticas aplicadas durante os últimos anos polo novo Goberno galego, herdeiro e continuista do anterior.

As diferentes medidas adoptadas, creación de organismos autónomos, novo marco lexislativo, convocatorias de axudas e subvencións, teñen que ser avaliadas en termos de efectos acadados, visibles ou cuantificables nas estatísticas e estudos recoñecidos, fuxindo da propaganda interesada. En consecuencia, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

1.ª) Que valoración fai Goberno galego dos indicadores turísticos do ano 2012 e do 2011?

2.ª) Que iniciativas se atopan en curso para recuperar o sector?

3.ª) Cal será o investimento?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2012

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2013 16:30
Nº Rexistro: 4247
Data envio: 25/02/2013 14:47:35.823

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 25/02/2013 14:46:07

José Manuel Gallego Lomba na data 25/02/2013 14:46:23

Beatriz Sestayo Doce na data 25/02/2013 14:46:43

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.04.2013 Hora: 16:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 03.04.2013 Hora: 16:30
Orde do día

2.1 2762(09/PNC-000199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario referido á volta á construción naval civil nos estaleiros públicos da ría de Ferrol e ao fomento do sector naval de Galicia

Publicación da iniciativa, 46, 06.02.2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2013 12:14
Nº Rexistro: 2762
Data envio: 31/01/2013 12:14:04.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas** e da súa deputada **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate **en Comisión**, relativa ao levantamento do veto á construción naval civil na ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que en 1984 comezara o proceso de reconversión, o sector naval ferrolán leva 29 anos a perder emprego, carga de traballo e capacidade para impulsar económica e socialmente a comarca. Durante todos estes anos gobernos españois de diversas cores tomaron decisións discriminatorias para o naval ferrolán ao tempo que, xogando coa necesidade dos traballadores e da cidadanía en xeral, formulaban promesas e compromisos que, un tras outro, incumpriron. Nin reindustrialización, nin diversificación, nin carga de traballo nin, como acabamos de saber, dique flutuante.

As únicas iniciativas positivas para o sector naval partiron, e non por acaso, da sociedade civil que impulsou unha iniciativa lexislativa popular que, malia ter sido aprobada unanimemente polo Parlamento de Galiza, a Xunta de Galiza négase a cumprir.

Tomado como moeda de cambio, en troca de manter a actividade noutros asteleiros públicos do Estado, sobre o naval ferrolán paira un veto político, adoptado pola Unión Europea co beneplácito do goberno español, que lle prohibe construír buques civís, veto que, supostamente, remata no ano 2015.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2013 12:14
Nº Rexistro: 2762
Data envio: 31/01/2013 12:14:04.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así as cousas, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento de Galiza insta ao goberno ao cumprimento da proposición non de lei aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza 29 de Febreiro de 2012, "sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa volta á construción naval civil nos estaleiros públicos da ría de Ferrol e co fomento do sector naval de Galicia" e, en concreto:

1. A proceder de inmediato a:

   a. Presentar no Parlamento Galego, no prazo dun mes, o proxecto de Centro de Reparacións Navais na ría de Ferrol, comprometido polo Presidente da Xunta no coñecido como "contrato con Ferrol".

   b. Dar cumprimento efectivo á Lei 4/2010, de 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, nomeadamente do seu artigo 4; para o cal deberá presentar no Parlamento Galego, no prazo dun mes, unha proposta concreta.

   c. O Parlamento galego insta ao Goberno galego

2. A demandar do goberno español:

   a. O inicio inmediato de negociacións na UE para conseguir o levantamento do veto á construción naval civil nos estaleiros públicos da ría de Ferrol.

   b. A construír un dique flotante, a realizar por Navantia Ferrol-Fene.

   c. A presentación, no prazo dun mes, do Plan industrial comprometido pola Sepi, desde o ano 2004, para os estaleiros de Navantia Ferrol-Fene.

   d. A desenvolver unha intensa actividade comercial que incida na promoción das capacidades e competitividade de Navantia e sinaladamente dos estaleiros da Ría de Ferrol, buscando a captación de contratos que xeren carga de traballo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2013 12:14
Nº Rexistro: 2762
Data envio: 31/01/2013 12:14:04.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e. Que manteña unha interlocución activa coa representación das traballadoras e traballadores dos estaleiros da Ría de Ferrol, para os facer partícipes das decisións que se tomen nos estaleiros e garantir o mantemento dos estaleiros no sector público".

Santiago de Compostela, a 31 de Xaneiro de 2013

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG
María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 31/01/2013 12:13:07

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 31/01/2013 12:13:18

María do Carme Adán Villamarín na data 31/01/2013 12:13:26

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 03.04.2013 Hora: 16:30
Orde do día

2.2 2898(09/PNC-000209)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas feiras de artesanía que se celebran en Galicia e os profesionais dedicados a ela

Publicación da iniciativa, 51, 13.02.2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2013 10:37
Nº Rexistro: 2898
Data envio: 04/02/2013 10:37:03.577

grupo parlamentario de Galicia

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa de Cristina Romero Fernández, Pedro Arias Veira, Javier Guerra Fernández, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Berta Pérez Hernández e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

A artesanía de Galicia, ligada aos valores do noso territorio, é unha actividade produtiva capaz de xerar beneficios económicos, de crear emprego e de conservar a tradición.

A calidade, a innovación e o deseño son os valores que se conxugan co saber facer dos nosos artesáns, capaces de unir a tradición coa modernidade. Por isto, podemos dicir que Galicia é a única comunidade autónoma que conta cunha marca propia "Artesanía de Galicia", recoñecida fora das nosas fronteiras.

Durante a pasada lexislatura, o Goberno da Xunta de Galicia conseguiu a expansión de dita marca e a súa configuración como un sinónimo de bo facer e calidade, avalado polo prestixio dos nosos produtos.

Por outra parte, prestouse especial atención ao deseño e fundamentalmente á comercialización, potenciando os diferentes canais de distribución dos nosos artesáns e incentivando a compra dos seus produtos con campañas de promoción caracterizadas polo estilo, o coidado, a elegancia e a incorporación de novas tendencias.

A potenciación da presenza en feiras e mercados internacionais realizada nos últimos años pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño contribuíu á consecución destes obxectivos.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2013 10:37
Nº Rexistro: 2898
Data envio: 04/02/2013 10:37:03.577

grupo parlamentario de Galicia

Non obstante, en numerosas ocasións celébranse na xeografía galega eventos que aínda anunciándose baixo o nome de Feira de Artesanía ou Feira artesanal, non reúnen a calidade nin a profesionalidade dos expositores requirida, configurándose como unha actuación de competencia desleal fronte aos profesionais artesáns que ven en ditas actuacións un risco ao seu prestixio, á súa imaxe de calidade e deseño e ao seu posicionamento fronte ao consumidor.

Así, existe unha demanda reiterada dos artesáns e artesás galegos que é preciso atender.

Esta realidade pon de manifesto a necesidade de establecer unha normativa das feiras de artesanía que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma galega para evitar situacións de competencia desleal e de intrusión garantindo ao consumidor final a calidade dos produtos que adquire e a súa orixinalidade.

Por todo lo anterior,

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Regular as feiras de artesanía que se celebran en Galicia coa retirada ou non de mercancía.

2.- Que dita regulación garantirá o carácter artesanal dos produtos así como a súa calidade e exclusividade.

3.- Garantir a eliminación da competencia desleal e a intrusión ao tempo que se promova a regularización dos profesionais dedicados á artesanía."

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2013

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2013 10:37
Nº Rexistro: 2898
Data envio: 04/02/2013 10:37:03.577

grupo parlamentario de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/02/2013 10:25:21

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/02/2013 10:25:29

Pedro Manuel Arias Veira na data 04/02/2013 10:26:02

Javier Jorge Guerra Fernández na data 04/02/2013 10:26:27

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/02/2013 10:26:43

María Carmen Pardo López na data 04/02/2013 10:26:52

Berta Pérez Hernández na data 04/02/2013 10:27:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/02/2013 10:27:27

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 03.04.2013 Hora: 16:30
Orde do día

2.3 4192(09/PNC-000303)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto sectorial de modificación relativo a un aproveitamento hidroeléctrico no río Xallas, salto de Novo Castrelo, nos concellos de Dumbría e Mazaricos, publicado no "Diario Oficial de Galicia" do 30 de maio de 2012

Publicación da iniciativa, 64, 06.03.2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2013 13:58
Nº Rexistro: 4192
Data envio: 22/02/2013 13:58:20.956

Á MESA DO PARLAMENTO:

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa do deputado **Antón Sánchez García** e a través do seu portavoz Xose Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulmento da Cámara, apresenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Comisión.**

O Consello da Xunta de Galicia do 2 de febreiro de 2012 aproba as novas autorizacións para aproveitamentos hidroeléctricos no río Xallas, acordo publicado no Diario Oficial de Galicia do 30 de maio de 2012," Acordo polo que aproba o proxecto sectorial de modificación relativo a un aproveitamento hidroeléctrico no río Xallas, Salto de Novo Castrelo, nos concellos de Dumbría e Mazaricos, provincia da Coruña, promovido pola sociedade Ferroatlántica, S.L" .

Coa autorización da Xunta de Galicia construiranse novas instalacións hidroeléctricas no río Xallas cunhas actuacións, nos concellos de Dumbría e Mazaricos, que afectarán seriamente ao ecosistema do río, dañando unha zona de bosque de alto valor ecolóxico e ao propio caudal do río.

Actualmente o río Xallas xa é dos ríos máis explotados de Europa, con sete aproveitamentos en 20 kilómetros.

Non hai xustificación económica nin enerxética para estas instalacións. Non resolven un problema enerxético e a nivel laboral as cifras, como sempre, están máis que infladas.

Tampouco a nivel ambiental. A suposta redución de CO_2 habería se se deixara de producir electricidade a partir de outros combustibles ou de consumir enerxía fósil na medida en que se xera esta nova electricidade. Como iso non vai suceder, só se aumenta a capacidade de xeración de electricidade pero non hai redución real das emisións atmósfericas –das que, por certo, habería que deducir as que se xeran pola construción da nova infraestrutura.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2013 13:58
Nº Rexistro: 4192
Data envio: 22/02/2013 13:58:20.956

Por outra parte, aínda existindo esa redución tamén habería que considerar os efectos de destrución ambiental pola construción de esas novas infraestruturas en zonas xa sobrecargadas e, por iso mesmo, con espazos moi sensíbeis a novas agresións.

É unha sobrecarga que non se xustifica pola produción adicional que poida conseguir xa que non incrementará demasiado a produción existente.

A empresa Ferroatlántica utiliza unha argucia legal, permitida alevosamente pola Xunta de Galicia, para cobrar primas.

Ferroatlántica saca ano tras ano pingues beneficios deste río.Para Galiza so queda o dano ao río.

Ésta empresa incumpliu e incumple varios preceptos da lexislación ambiental e sobre protección de ríos coma son a ausencia de escalas salmoneiras ou a recomendación de non instalar novos aproveitamentos nos ríos galegos.
Aínda que a empresa e a Xunta de Galicia falen de repotenciamento, na práctica o que se realizará será a instalación de novos aproveitamentos, agravando o impacto ambiental en zonas aínda non degradadas.

Todo apunta a que só hai un beneficiario directo: Ferroatlántica, empresa que leva incumplindo a lexislación sectorial durante anos, perxudicando a calidade ambiental do río, e provocando un gravísmo desastre ambiental.

Por todo o exposto, aresentase a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a anular e deixar sen efecto a aprobación dos Proxectos Sectoriais publicado o 30 de maio de 2012 no DOG de 20/05/2012.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2013.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2013 13:58
Nº Rexistro: 4192
Data envio: 22/02/2013 13:58:20.956

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 22/02/2013 13:54:22

Antón Sánchez García na data 22/02/2013 13:54:29

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 03.04.2013 Hora: 16:30
Orde do día

2.4 4325(09/PNC-000319)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan integral de desenvolvemento da enerxía procedente da biomasa forestal

Publicación da iniciativa, 64, 06.03.2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2013 18:02
Nº Rexistro: 4325
Data envio: 26/02/2013 18:02:02.942

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **José Luis Méndez Romeu**, **Beatriz Sestayo Doce** e **José Manuel Gallego Lomba**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión.**

Galicia é a comunidade cos mellores recursos en biomasa pero o seu aproveitamento está moi por debaixo das nosas posibilidades sendo incluso importadora de biomasa para as fábricas implantadas na nosa Comunidade; actualmente carecemos dunha infraestrutura que posibilite a explotación deste recurso, así como dos recursos sinérxicos relacionados (caza, produción de castañas e micoloxía). O aproveitamento da biomasa, e as actividades antes relacionadas, é unha actividade natural e respectuosa co medio ambiente nunha área xeográfica perfectamente adaptada para a súa produción (condicións pluviométricas, térmicas, hipsométricas…) e , cumprindo con todos os criterios de desenvolvemento sustentable entendemos que debe ser fomentado.

A biomasa ten un prezo por cada unidade de enerxía máis baixo que o gas natural sendo unha solución idónea para o abastecemento enerxético dos pequenos núcleos de poboación (electricidade e calefacción) así como para o abastecemento de calor en vivendas illadas e comunidades non urbanas; ademais a biomasa é un combustible pouco contaminante; pese a estas avantaxes o seu nivel de desenvolvemento está por debaixo das cifras previstas no Plan de acción nacional de enerxías renovables 2011-2020.

Mediante un Plan integral fomentaríase o emprego no rural e axudaría a fixar poboación nas zonas con menor ocupación (especialmente nas provincias de Ourense e Lugo); é importante citar que este Plan integral non debe guiarse unicamente por resultados económicos a curto prazo, senón que se deberá incentivar inicialmente con axudas ou subvencións, que irán descendendo a medida que se alcance a viabilidade económica da explotación da biomasa en Galicia. É necesario un tecido que complete o ciclo de explotación de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2013 18:02
Nº Rexistro: 4325
Data envio: 26/02/2013 18:02:02.942

biomasa; en primeiro lugar a recolección de biomasa forestal (diminución do perigo de incendios forestais), a continuación o seu tratamento en fábricas e procesos produtivos en Galicia (tanto para a explotación directa como para a fabricación de pellets) e finalmente a combustión en centrais eléctricas ou caldeiras producindo electricidade e calor. As liñas estratéxicas deste Plan integral son as seguintes:

. Incremento da demanda de biomasa en substitución das fontes de enerxía convencionais (en particular dos derivados petrolíferos).
. Aumentar a oferta de biomasa
. Aproveitamentos sinérxicos da aposta pola biomasa:

En consecuencia, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar no Parlamento no prazo de dous meses un Plan integral de desenvolvemento da enerxía procedente da biomasa que considere polo menos:

1.º) Incremento da demanda de biomasa en substitución das fontes de enerxía convencionais (en particular dos derivados petrolíferos)

2.º) Aumentar a oferta de biomasa

3.º) Aproveitamentos sinérxicos da aposta pola biomasa

4.º) Orzamento necesario

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 26/02/2013 17:51:55

Beatriz Sestayo Doce na data 26/02/2013 17:52:08

José Manuel Gallego Lomba na data 26/02/2013 17:52:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2013 18:02
Nº Rexistro: 4325
Data envio: 26/02/2013 18:02:02.942

Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/02/2013 17:52:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 03.04.2013 Hora: 16:30
Orde do día

2.5 4818(09/PNC-000362)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para defender o mantemento das plantas da empresa Alstom en Galicia, así como os seus postos de traballo

Publicación da iniciativa, 73, 20.03.2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2013 12:01
Nº Rexistro: 4818
Data envio: 08/03/2013 12:01:16.714

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa da súa deputada, **Beatriz Sestayo Doce** e dos seus deputados, **José Luis Méndez Romeu** e **José Manuel Gallego Lomba**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

A comarca de Ferrolterra está a pasar por unha profunda crise ao acadar o record histórico de paro que se coloca en case un 30 %. A desastrosa política industrial da Xunta de Galicia e a falla de vontade política para defender unha comarca na que se radican empresas punteiras en diferentes sectores, sinaladamente no naval e o eòlico, está a conducir ao desastre o tecido industrial da zona.

O desmantelamento de diferentes empresas na comarca ou o perigo de desmantelamento está a producirse agora ca planta de Alstom en Somozas e no Río do Pozo, unha planta con persoal altamente cualificado que están a desenvolver proxectos de Innovación e Desenvolvemento altamente competitivos e punteiros ao traballar en prototipos que fan de Alstom Galicia empresas sinaladas e altamente valoradas. As plantas de Galicia contan cun persoal de 63 persoas en emprego directo máis o persoal dos diferentes parques eólicos.

O vindeiro día 14 de marzo a empresa convoca a representación sindical de Alstom de todo o conxunto do Estado co fin de aplicar as medidas de «axuste» que consideran oportunas, sen que os traballadores teñan aínda información algunha sobre o seu futuro. Dase o extraño paradoxo que existen informacións sobre posibles deslocalizacións da empresa en detrimento dunhas plantas enormemente cualificadas e competitivas.

Ante o exposto o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2013 12:01
Nº Rexistro: 4818
Data envio: 08/03/2013 12:01:16.714

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar as medidas e actuacións necesarias para defender o mantemento das plantas de Alstom Galicia con todos os seus postos de traballo.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2013

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 08/03/2013 11:57:02

José Luís Méndez Romeu na data 08/03/2013 11:57:18

José Manuel Gallego Lomba na data 08/03/2013 11:57:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/03/2013 11:57:55

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 03.04.2013 Hora: 16:30
Orde do día

2.6 5076(09/PNC-000394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a modificación polo Goberno galego da taxa de inclusión no réxime especial da enerxía eólica e inscrición no seu rexistro, así como a demanda ao Goberno central do dereito e capacidade de decisión respecto dos recursos enerxéticos de Galicia, nomeadamente no referido ao desenvolvemento da enerxía eólica

Publicación da iniciativa, 73, 20.03.2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2013 09:30
Nº Rexistro: 5076
Data envio: 13/03/2013 19:49:35.623

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a instancias da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición Non de Lei** para o seu debate **en Comisión**.

Exposición de motivos:

A caprichosa decisión do Goberno do PP que preside Núñez Feijoo de invalidar o concurso eólico aprobado durante o goberno bipartito e impulsar un novo concurso botou ao traste un investimento de 1.400 millóns de euros, máis de 8.000 postos de traballo, e unha participación pública que reportaría 30 millóns de euros ao ano a Galiza. Tratouse dunha decisión arbitraria, tal e como a propia xustiza puxo de manifesto, avalando a legalidade do concurso e ditaminando a ilegalidade do proceder do Goberno de Feijoo para anulalo.

O resultado do novo concurso foi un rotundo fracaso, pois coa chegada do PP ao Goberno do Estado produxéronse continuas invasións ás competencias galegas na materia. Unha das primeiras medidas foi suprimir as primas ás novas instalacións de enerxía renovábel, entre elas a eólica, o que supuxo a paralización de investimentos e da posta en marcha de novas instalacións de produción de enerxías renovábeis. O toque de graza ao sector provén novamente do Goberno do Estado, coa aprobación do RD-L 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro, no cal se limitan aínda máis as primas ás renovábeis, tanto coa modificación do índice co que se revisan

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2013 09:30
Nº Rexistro: 5076
Data envio: 13/03/2013 19:49:35.623

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anualmente as tarifas do sistema como suprimindo a posibilidade de ir ao mercado máis a prima, de xeito que agora as instalacións de renovábeis terán que elexir entre si reciben a tarifa regulada ou van ao mercado.

Así, por mor dos retrasos na adxudicación, dos 2.352 MW adxudicados no novo concurso eólico, só 50 teñen garantidas as primas. Os proxectos do actual concurso non terán primas, co cal, a gran maioría deles ficarán nun caixón. A asociación que engloba as empresas que explotan a enerxía eólica en Galiza (EGA) afirmou recentemente que, segundo os seus cálculos e tendo en contas os cambios provocados polo Goberno de Rajoy, só se executará entre un 18 e un 20 por 100 dos 2.325 MW do concurso eólico promovido polo PP.

Froito destas nefastas políticas, informacións recentes apuntan a que no último lustro destruíronse 1.500 postos de traballo directos no sector eólico. Ademais, o anuncio de Alstom de deslocalizar a produción que ten actualmente en Galiza suporá un incremento considerábel do desemprego no sector. Polo tanto, un sector punteiro e estratéxico para Galiza está a sufrir unha intensa crise polas lesivas e invasivas políticas do Goberno do Estado e os caprichos e o desleixo do Goberno Galego, que reaccionou tarde ante o agravio que supón o RD-L 1/2012, e nen tan sequera reaccionou ao RD-L 2/2013, amosando polo tanto unha actitude entre lenta e sumisa ao brutal ataque do Goberno do Estado ao desenvolvemento do sector eólico galego.

A política errática do goberno galego ten outro dos seus expoñentes na actual regulación da “taxa de inclusión no réxime especial e inscrición no rexistro de inclusión, modificación e cancelación do réxime especial”, que resulta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2013 09:30
Nº Rexistro: 5076
Data envio: 13/03/2013 19:49:35.623

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lesiva para o sector, xa que se trata dunha única taxa, independentemente do tipo ou da potencia da instalación.

Por todo isto propoñemos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Modificar a taxa de inclusión no réxime especial e inscrición no rexistro de inclusión, modificación e cancelación do réxime especial, de maneira que se teña en conta tanto o tipoloxía da instalación como a potencia da instalación.

- Demandar do Estado o dereito e a capacidade de decidir sobre os nosos recursos enerxéticos, nomeadamente no referido ao desenvolvemento da enerxía eólica."

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2013 09:30
Nº Rexistro: 5076
Data envio: 13/03/2013 19:49:35.623

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 13/03/2013 19:49:06

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 13/03/2013 19:49:13